



## BIBLIOTECA CURSO 10-11

Un ano máis o equipo da Biblioteca quere presentarvos o tema que imos traballar, de forma interdisciplinar, ao longo de todo o curso. Este curso traemos novidades. A nosa proposta ten miras de futuro, xa que pretendemos iniciar unha longa viaxe... tan longa que abarca toda a historia do home e durará varios cursos. Ímola chamar:




## DENDE AS CAVERNAS ÁS ESTRELAS.

Cada curso imos traballar unha época da historia do home de forma global. Coñeceremos que cousas pasaron, cando e onde, pero tamén como eran as súas casas, os seus vestidos, os seus deuses, o que comían, lían, pensaban ou escoitaban... Coñeceremos algúns dos protagonistas desta fascinante viaxe e algúns dos feitos que maior transcendencia tiveron.

Neste curso a nosa viaxe comeza na **Prehistoria e nas primeiras civilizacións**. Para situármonos, a nosa viaxe ten dúas etapas:

A primeira comeza hai uns 5 millóns de anos, cando viven os nosos primeiros antepasados: os *Australopitecus*. Con eles e os seus descendentes, veremos como empezamos a camiñar erguidos, como dominamos o lume,



como empezamos a soterrar os nosos mortos, a falar e a facernos artistas. Asistiremos á primeira *revolución*, que nos fai producir os nosos propios recursos e descubriremos que é máis útil un machado de ferro que un *biface* de pedra, sen esquecer os nosos castros, dolmens e menhires.

Na segunda etapa da nosa viaxe, chegaremos a terras afastadas, onde -ás beiras dos grandes ríos, o *Tigris*, o *Éufrates*, o *Indo* e o *Nilo*- tiveron lugar as primeiras grandes civilizacións. Miraremos as estrelas cos *mesopotámicos*, visitaremos os xardíns da mítica *Babilonia*, coñeceremos a orixe do noso alfabeto en *Fenicia*, aprenderemos matemáticas cos arquitectos de *Egipto*, quedaremos



impresionados ante as súas pirámides e abraizados polas riquezas dos faraóns, esperando que a maldición da momia non chegue a nós...

## PREPARADOS? A MÁQUINA DO TEMPO ESPERA PARA COMEZAR ESTA FABULOSA VIAXE...

## Posibles temas para traballar:

A continuación tedes unha serie de propostas que poden ser traballadas dende as diferentes áreas e de forma interdisciplinar. O equipo da biblioteca, como nos pasados cursos, elaborará diversas propostas, pero esperamos sobre todo as vosas para sacarlle a esta actividade o máximo rendemento:

- A orixe do home. Diferentes teorías.
- O proceso de hominización.
- Atapuerca.
- Os ritos funerarios na Prehistoria.
- O inicio da arte. O significado da arte prehistórica.
- A paisaxe e a fauna da Prehistoria.
- A vida cotiá do home prehistórico.
- A Revolución Neolítica.
- A metalurxia.
- O megalitismo.
- Os sistemas de escritura. A orixe do noso alfabeto.
- Os pobos mesopotámicos e a astronomía.
- Os primeiros matemáticos.
- As pirámides: como se construían?
- Os ritos funerarios: a momificación.
- Os deuses e deusas exipcios. Os seus mitos.
- As mulleres nas primeiras civilizacións.
- A vida cotiá en Exipto.

E MOITOS MÁIS.....

## Alguns recursos para utilizar:

Para comezar algunhas páxinas web que poden ser útiles:

- [www.fundacionatapuerca.es](http://www.fundacionatapuerca.es)
- [www.museodealtamira.mcu.es](http://www.museodealtamira.mcu.es)
- [www.platea.pntic.mec.es](http://www.platea.pntic.mec.es)
- [www.mundofree.com/origenes/evolucion/epocasperiodos/epocasperiodos.html](http://www.mundofree.com/origenes/evolucion/epocasperiodos/epocasperiodos.html)
- [www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es)
- [www.dearqueologia.com](http://www.dearqueologia.com)
- [www.egipto.com/egipto\\_para\\_nino/index.html](http://www.egipto.com/egipto_para_nino/index.html)
- [www.egiptomania.com](http://www.egiptomania.com)

## Alguns recursos máis:

Películas, DVDs, novelas... sobre o noso tema:

- Na procura do lume, dirixida por J:J: Arnaud, 1981.
- Los Hijos de la Tierra, de J.M. Auel.
- Druídas, dirixida por J. Dorfmann, 2000.
- Kengi y la magia de las palabras. SM. Barco de Vapor.
- Sinuhé, o exipcio, de M. Waltari.
- La Momia, dirixida por S. Sommers, 1999.
- El escarabajo de Horus, de Rocío Rueda, Oxford.

# DENDE AS CAVERNAS AS ESTRELAS.



**BIBLIOTECA.  
CURSO 10-11**

